



IDENTIFYING DATA

(*)Pintura

Subject	(*)Pintura			
Code	P01G010V01404			
Study programme	(*)Grao en Belas Artes			
Descriptors	ECTS Credits	Choose	Year	Quadmester
	6	Mandatory	2nd	2nd
Teaching language				
Department				
Coordinator	Huete Vales, Angel			
Lecturers	Huete Vales, Angel			
E-mail	anxel@uvigo.es			
Web				

General description (*)Esta materia trata sobre a aplicación de estratexias específicas, teóricas e prácticas dirixidas a dotar ao alumno das capacidades e coñecementos imprescindibles para unha correcta operatividade intelectual e técnica nas tarefas propias da produción pictórica.

A pintura é unha actividade artística destinada a unha experiencia sensorial, intelectual e de certa complexidade, e sérvese da ordenación e xustaposición de recursos materiais, plásticos e conceptuais en forma de marcas visuais. O territorio ampliado da pintura emprega signos visuais, xunto con outros procesos de significación que a técnica, a historia e o contexto implican no feito pictórico.

O coñecemento perceptivo é inseparable da experiencia mental acumulada e dos procesos intelectivos de formación de ideas e de modelos. Proporase, por tanto, un proceso no que participen tres elementos de relación: a materia, os signos visuais básicos (plásticos e icónicos) e os sistemas a través dos cales materia e signos articulan coñecemento.

Por outra banda, os elementos de significación, con independencia da presenza material de pintura, abren outra vía cara a ampliación do territorio da pintura a obras non realizadas con materia pictórica que, non obstante, maniféstanse en consonancia con esa tradición e establecen relacións de permeabilidade con outros medios.

É na relación de complementariedade onde con frecuencia se polarizan sínteses de pensamento por pares de oposición retórica, ao estilo de: teoría e práctica, intelectual e técnico, distante e próximo, frío e emotivo, racional e místico, obxectivo e subxectivo, reflexivo e espontáneo, etc., desde onde se propoará abordar os aspectos relativos á natureza conceptual, formal e material da pintura así como tamén establecer a relación de diferenza que vai desde a representacionalidade como reprodución icónica (fotográfica, por exemplo) da realidade ata a obxectividade, ben matérica, ben enunciativa (abstracción) como realidade mesma.

Esta materia desenvolve a aprendizaxe teórica e práctica no propio exercicio da produción pictórica.

Competencies

Code	
A5	(*)Coñecemento da teoría e do discurso actual da arte, así como o pensamento actual dos artistas a través das súas obras e textos. Actualizar constantemente o coñecemento directo da arte a través dos seus propios creadores
A6	(*)Coñecemento do vocabulario, códigos, e dos conceptos inherentes ao ámbito artístico. Coñecer a linguaxe da arte
A7	(*)Coñecemento do vocabulario e dos conceptos inherentes a cada técnica artística particular. Coñecer a linguaxe creativa específica
A9	(*)Coñecemento de métodos de produción e técnicas artísticas. Analizar os procesos de creación artística
A12	(*)Coñecemento dos materiais e dos seus procesos derivados de creación e/ou produción. Coñecer os materiais, procedementos e técnicas que se asocian a cada linguaxe artística
A14	(*)Coñecemento dos instrumentos e métodos de experimentación en arte. Aprendizaxe das metodoloxías creativas asociadas a cada linguaxe artística
A31	(*)Capacidade para xerar e xestionar a produción artística. Saber establecer a planificación necesaria nos procesos de creación artística.
A32	(*) Capacidade de aplicar profesionalmente tecnoloxías específicas. Utilizar as ferramentas apropiadas para as linguaxes artísticas propias

A33	(*)Capacidade de colaboración con outras disciplinas. Desenvolvemento de vías de relación e intercambio con outros campos de coñecemento
A42	(*)Habilidades para a creación artística e capacidade de construír obras de arte. Adquirir as destrezas propias da práctica artística
A43	(*)Habilidade para establecer sistemas de produción. Desenvolver estratexias aplicadas ao exercicio sistemático da práctica artística

Learning aims

Expected results from this subject	Training and Learning Results
(*)Coñecemento dos xéneros e tendencias do panorama actual da arte desde unha perspectiva pictórica.	A5 A6 A7
(*)Coñecemento dos materiais e útiles propios da práctica pictórica.	A12 A14
(*)Coñecemento dos procedementos aplicados á creación pictórica.	A9 A12
(*)Coñecemento de métodos de produción pictórica.	A9 A12
(*)Coñecemento do vocabulario e do código pictóricos.	A6 A7
(*)Capacidade para entender a pintura no conxunto das artes.	A5 A6 A7
(*)Capacidade para o manexo básico de útiles e materiais pictóricos.	A31 A32
(*)Capacidade para xerar e xestionar de xeito básico unha imaxe pictórica.	A31 A32
(*)Capacidade básica para integrar distintas disciplinas na produción de imaxes.	A31 A33
(*)Habilidade para construír unha pintura nas súas diferentes técnicas nun nivel básico.	A42 A43
(*)Habilidade para xerar sistemas de produción pictórica nun nivel básico.	A42 A43
(*)Habilidade básica para integrar diferentes disciplinas na produción de imaxes.	A42 A43
(*)Habilidade para a utilización de materiais non pictóricos na produción de imaxes.	A42 A43

Contents

Topic	
(*)- Natureza conceptual, formal e material da pintura. Breve consideración de antecedentes referidos a movementos históricos de ruptura convertidos en referentes paradigmáticos, por exemplo: romanticismo, realismo, expresionismo, cubismo, abstracción, surrealismo, etc.	(*)-Comprobación da relación entre conceptualidade e formalidade na obra de artistas tamén de referencia, como Malevich ou Magritte. Consideración de outras disciplinas: arquitectura, deseño, música, etc.
(*)- Desenvolvemento do vocabulario pictórico e o sistema de categorías asociadas á abstracción e a fotografía así como a outras disciplinas pictóricas.	(*)-Manexo de fontes documentais da imaxe. O coñecemento a través de imaxes producidas por outros (coñecemento vicario), imaxes artísticas, fotográficas e técnicas. A instrumentalización destas imaxes, a cita, o apropiacionismo, etc. A fotografía como referente documental, técnico e discursivo.
(*)- O trazo, a pegada e o xesto na pintura. Os signos indéxicos como sinais inefables na fotografía e nalgúns procesos abstractos.	(*)-Relación entre referencialidade icónica e indicialidade, outros sistemas e recursos cara a discursividade. Consideración dos signos visuais.
(*)- Dimensións materiais, simbólicas e culturais dos soportes e formatos. Connotacións dos materiais.	(*)-Natureza dos referentes artísticos que compoñen o imaxinario popular en relación cos referentes que se establecen no imaxinario de iniciados.
(*)- Introducción ao espazo pictórico: espazo ilusionista, espazo descontínuo, espazo pantalla, espazo fragmentado e outras consideracións.	(*)- Valoración da realidade: diferenciación, xeneralización, punto de vista, distancia, as partes e o todo, orde e caos, definición e verosimilitude.
(*)-Conceptualidade e formalismo, e a súa relación dialéctica.	(*)-Desenvolvemento dos aspectos ligados á pintura como obxecto e como representación.
(*)- Emotividade e distancia, dous parámetros que interactúan.	(*)-Emotividade e distancia noutras disciplinas: música, teatro, etc.

(*)- Desenvolvemento dos aspectos de organización e composición pictórica. Consideración das tendencias compositivas. A composición e a abstracción.

(*)-A composición en relación á textura e á indicialidade.

(*)- Valores culturais na comunicación. Discursividade e carga ideolóxica (retórica).

(*)-Análise e lectura da obra pictórica.

Planning

	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Introductory activities	4	6	10
Presentations / exhibitions	8	12	20
Classroom work	40	60	100
Troubleshooting and / or exercises	4	6	10
Proceedings	4	6	10

*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies

	Description
Introductory activities	(*)Desenvolver o sentido da materia para que a aprendizaxe sexa unha actividade significativa para o alumno e poida ter un alcance do programa cos seus obxectivos e contidos. Espazo que atende á función de darlle coherencia aos fundamentos de natureza teórica dirixidos á produción artística crítica.
Presentations / exhibitions	(*)Espazo para a exposición de propostas de traballo que supón establecer a relación íntima entre teoría e produción artística, ao tempo de estimular a capacidade de ordenación argumental, así como a verbalización de conceptos e pensamento. Consideración da corrección e pertinencia das propostas de traballo recibidas de cada alumno, así como de establecer o ordenamento dos procesos de produción.
Classroom work	(*)Espazo para establecer relacións entre o coñecemento novo e o que xa posúen o alumno e máis o grupo na consideración de que o coñecemento non é un produto individual, senón social. Espazo material de produción mediante recursos para a comprobación que atenden ás resolucións técnicas que definen o oficio. Abrir o proceso de correlación entre presupostos teóricos, ideolóxicos, discursivos, etc., e os aspectos de materialidade formal.
Troubleshooting and / or exercises	(*)Visionado de películas con contido relativo ás propostas teóricas e de produción propias da materia. Exercicios teóricos por escrito tipo test ou como comentarios sobre libros ou textos propostos na bibliografía.
Proceedings	(*)Espazo para a argumentación e verbalización crítica de aspectos controvertidos, teóricos e sociais que se dean no ámbito ideolóxico, conceptual ou plástico, relativos á natureza do exercicio e á súa produción artística. Vai dirixido á participación colectiva.

Personalized attention

Methodologies	Description
Classroom work	

Assessment

	Description	Qualification
Classroom work	(*)Consistirá na avaliación continua no transcurso da docencia da materia. Valoraranse os seguintes aspectos: a evolución persoal, os procesos de desenvolvemento coherente das problemáticas xurdidas a partir do encontro creativo coas premisas teóricas e máis cos soportes técnicos abordados, a participación activa e o seguimento da materia, así como a actitude no obradoiro relativa á asistencia, puntualidade e aceptación da normativa dos procesos propostos desde o profesorado. O interese é o criterio personalizado nas diferentes actividades de estudo, creación, participación e análise da materia. Realizarase unha parte importante da cualificación final a partir dos resultados acadados na entrega dos distintos traballos (prácticos e teóricos) estipulados ao comezo e no transcurso da materia.	80
Troubleshooting and / or exercises	(*)Atenderá ao apropiado nas respostas en tests e comentarios, así como á precisión no léxico e na capacidade argumental. A avaliación considerará a asistencia aos visionados cinematográficos, audicións musicais, etc. pola incidencia que estes terán no alcance teórico da materia, e pola eventual aplicación en exercicios prácticos.	10
Proceedings	(*)Considerarase a pertinencia da participación nos debates, a achega de criterios fundamentados e a implicación.	10

Other comments on the Evaluation

Sources of information

BARTHES,R., **La cámara lúcida**, Paidós,,

BACIN,A.,, **¿Que es el cine?**, Ediciones Rialp,,

BENJAMIN,W.,, **Sobre la fotografía**, Pre-Textos,,

CARRERE,A.ySABORIT,J., **Retórica de la pintura**, Cátedra,

DUBOIS,P.,, **El acto fotográfico**, Paidós,

ECO,U.,, **La estructura ausente**, Lumen,

GREENBERG,C.,, **Arte y cultura**, Gustavo Gili,

KRAUSS,R.,, **La originalidad de la vanguardia y otros mitos modernos**, Alianza Forma,

PULTZ,J.,, **La fotografía y el cuerpo**, Akal,

SONTAG,S.,, **Sobre la fotografía**, Edhasa,

ZUNZUNEGUI,S.,, **Pensar la imagen**, Cátedra,

VV.AA., **Nuevas Abstracciones**, Museo Nacional Reina Sofía,

Recommendations**Subjects that continue the syllabus**

(*)Arte: Arte e modernidade/P01G010V01401

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

(*)Arte: Arte e modernidade/P01G010V01401

Subjects that it is recommended to have taken before

(*)Arte, linguaxe e representación/P01G010V01303
